

## A ESCOLA DA VIDA

# Lexislar por lexislar

12.09.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Quizais aínda non me decatase que vivo no país das ocorrencias, e que os políticos, utilizando a súa potestade, asumen que esas deben ser transformadas en leis de acordo co consenso parlamentario. Non é a primeira vez que traio a estas liñas este feito, pero neste caso o problema é no conflito que supón que un mesmo partido propoña cousas contraditorias para situacións parellas.

Explícome, o Partido Popular parece que quere limitar legalmente o uso das redes sociais para os menores de 18 anos, esixíndolles unha autorización paterna para poder pertencer a elas. Onde está o problema? Pois na irracionalidade de que, por un lado, este partido queira baixar a idade ata os 13 anos para pedir responsabilidades penais aos menores pola comisión dun delito, e que, por outro, subestime a súa responsabilidade para encauzar as súas relacións por debaixo dos 18 anos. Soa como algo excesivamente proteccionista e anacrónico.

Outra obxección á proposta é que parece unha boutade fóra de lugar que un país queira establecer unha lei que regule todo o Universo, posto que as redes máis usadas non se limitan por países, linguas, razas, relixións, etc.

No que si estamos todos de acordo -e nesa dirección se está a proceder- é en que algunhas tipoloxías de usuarios deberán ser controladas e/ou excluídas, como poden ser os pedófilos, maltratadores, asasinios...

Este é o caso de Facebook, que procedeu a limpar a súa rede dos delinquentes sexuais que estivesen rexistrados en calquera xurisdición, ademais de prohibirilles aos seus usuarios a inclusión de información falsa nos seus perfís ou que elaborasen contas falsas. Outra acción da que se provén algunhas redes é a de facultar os seus usuarios para denunciar ou rexeitar determinadas persoas.

Por último, dicir que o consello máis estendido entre os internautas é o de que non introduzan datos que poidan afectar á súa privacidade ou intimidade.

Así pois, máis que prohibir, a opción que cómpre tomar deberá ser a de educar, pois internet e as súas redes sociais van ser un medio de comunicación que vai seguir aí, do mesmo xeito que o están a televisión ou a radio.